

# CONCURSO SOBRE PREVENCIÓN DE CONDUCTAS ADICTIVAS



I CONCURSO DE ESLOGAN  
"POR UN LECER SAUDABLE"

## FINALIDADE DO CONCURSO

- 1.- Creación de eslogans que fomenten o lecer saudable para previr o consumo de drogas.
- 2.- Utilización, por parte do Concello de Vigo, dos eslogans ganadores como parte dunha futura campaña de prevención de drogodependencias.

### Obxectivos

- Traballar conxuntamente cos Centros de Ensino establecendo un espazo común para a formación e prevención.
- Sensibilizar aos/ás estudantes respecto ás consecuencias do consumo de drogas e fomentar o lecer saudable.
- Fomentar a participación activa da xuventude na prevención do consumo de drogas.
- Desenvolver a comunicación, a capacidade de síntese, a creatividade e orixinalidade dos/das alumnos/as participantes.

## BASES DO CONCURSO

- 1ª: Poderá participar o alumnado de 6ºEP, 2º e 4º da ESO dos centros de ensino do Concello de Vigo.
- 2ª: O eslogan debe conter unha mensaxe que promova un lecer saudable e afastado do consumo de drogas.
- 3ª: O eslogan debe ser inédito e non ter sido premiado noutro concurso.
- 4ª: A participación pode ser individual ou grupal (mínimo de 4 alumnos/as e máximo de 8).
- 5ª: Cada participante só pode presentar un eslogan.
- 6ª: Aceptarase un único traballo por aula, elixido polo propio alumnado de entre todos os traballos realizados nesa clase.
- 7ª: O traballo presentarase en formato DIN-A4 e deberá ter un máximo de 20 palabras.
- 8ª: A proposta non poderá conter ningún tipo de texto ou imaxe que atente contra a honra de persoas ou institucións ou incite á violencia, consumo de sustancias tóxicas, discriminación a persoas pola súa raza, condición social, económica ou relixiosa.
- 9ª: As propostas presentaranse no Centro de Ensino correspondente ata o 26 de abril do 2017.
- 10ª: En todos os traballos farase constar o nome e apelidos do/da participante, teléfono de contacto, Centro de Ensino e curso.
- 11ª: O xurado estará composto polo persoal técnico integrante da Comisión de Prevención do Plan Local sobre Drogodependencias e Outras Adicións do Concello de Vigo e profesionais do Equipo de Prevención do Concello de Vigo.
- 12ª: O fallo do xurado comunicarase aos/as ganadores/as e aos Centros de Ensino.
- 13ª: O Concello de Vigo resérvase o dereito a utilizar os eslogans ganadores en futuras campañas de prevención, co compromiso de facer mención expresa da súa autoría.
- 14ª: Os premios entregaranse o 22 de maio de 2017, ás 12.00, no Auditorio Municipal do Concello de Vigo. A este acto é obrigada a presenza dos/das ganadores/as e dos/das compañeiros/as de clase.
- 15ª: Entregarase un primeiro, segundo e terceiro premio para a categoría de 6ºEP, 2º ESO e 4º ESO. Os premios consisten en: campamentos de verán náuticos, multideportivos e de inglés da Concellería de Xuventude, de 10 días de duración en xornada de mañá
- 16ª: A participación neste concurso leva implícita a aceptación das súas bases, do fallo do xurado e das decisións da organización.



CONCELLO  
DE VIGO



XUNTA  
DE GALICIA